

REINO DE GALICIA

AZUCUF A'



GALEATRO

QUEN SOMOS?

Galeatro é a compañía de teatro profesional de Carballo. Fundada polos intérpretes Alba Bermúdez e Tone Martínez e especializada no público familiar, a súa liña de traballo esténdese desde a formación artística ata a produción de espectáculos de pequeno e gran formato. Algunhas das pezas que percorren gran parte do territorio galego son: “Comechíns, segundo prato”, “Entre Bechos Anda o Conto”, “Muiñada”, “Carabela”, “As Aventuras de Mariña” e “Wombo Combo”. Vén de estrear recentemente o seu primeiro espectáculo para público adulto en coprodución co Centro Dramático Galego: “Arte sen Guión”, unha especulación escénica de como podería ter sido o teatro medieval en lingua galega. “Arte sen guión” é o primeiro espectáculo de improvisación teatral que conseguiu o fito de ser programado nos principais festivais de artes escénicas do estado, como son “Festival de Teatro Clásico de Almagro” e a “MIT de Ribadavia”, así como en moitos concellos do país.

No eido da formación, Galeatro está presente en escolas de teatro de Bergondo, Carballo, Sada, Malpica, Oleiros, Oroso e Ordes. Conta con máis de 300 alumnos e alumnas que grazas a estas actividades xa forman parte, dalgunha maneira, do sistema teatral galego.

Galeatro naceu coa vontade de promover a creación escénica contemporánea en lingua galega, contando para iso con dramaturgos e dramaturgas galegas vivas. Mostra disto son os seus espectáculos de sala “Muiñada”, “Carabela” e “Wombo Combo”, escritos por Ana Carreira, o primeiro, e Paula Carballeira, os dous últimos. No 2024 vén de ser galardoado co premio do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais coa peza “Berenguela na gaiola”.

SINOPSE

“Reino de Galicia á escena” é unha peza teatral que inclúe unha visita dramatizada guiada polo historiador Hadrián García Pérez no que se crearán micro-escenas adaptadas aos espazos onde se realice e que finalizará coa representación do espectáculo Arte Sen Guión da compañía Galeatro. Ademais produciremos pequenas pílulas audiovisuais, producidas pola actriz e xornalista Carlota Mosquera, que serán subidas ás redes sociais e que servirán tanto para a promoción do evento como para dar a coñecer dun xeito ameno e divertido aspectos históricos dos emprazamentos escollidos. Este espectáculo é unha adaptación do premio recibido nos “Fondo de proxectos culturais Reino de Galicia” que organiza a Deputación da Coruña no ano 2025.



De que vai Arte Sen Guión?

Existiu o teatro medieval en galego? Arte sen guión responde a pregunta desde as ferramentas da improvisación contemporánea. Catro comediantes representan os entremeses compilados nun estraño códice da Idade Media enchendo as partes incompletas coa axuda do público e tratando de agochar todos os anacronismos que introducen polo seu descoñecemento da época.

Esta peza, co-producida pola compañía de teatro profesional Galeatro, a Cidade da Cultura e o Centro Dramático Galego está a levar a nosa cultura por toda Galicia e polo resto do estado. Visitou prestixiosos festivais como “Festival de Teatro Clásico de Almagro”, “MIT de Ribadavia” e “Impro-Fest de Alacante”.





ELENCO

Hadrián García Pérez

Guía da visita dramatizada

A súa vocación polo ensino e a divulgación do patrimonio xa vén de moi cativo. Das improvisadas clases ou guías cando ía de excursión cos compañeiros de clase, pasa a formarse na disciplina de historiador estudando o Grao en Historia na Universidade de Santiago de Compostela (2013-2017). Posteriormente, especialízase na docencia estudando o Máster de Profesorado (2017-18) na cidade compostelá e un Máster en Avaliación e Xestión do Patrimonio Cultural na Universidade de Salamanca (2018-19). En todos os seus traballos de fin de grao e máster, o eixo común foi a historia de Galicia e a súa divulgación no eido educativo e cultural. Isto fai que complementa a súa formación cun Curso de Alta Especialización en “Cultura Galega e emigración: a galegitude na diáspora” (2022), organizado pola FUNDEHSGA.

Carlota Mosquera

Encargada do material audiovisual

Graduada en Interpretación pola ESAD de Galicia (2020) e en Comunicación Audiovisual pola USC, (2014) combinando a paixón polo escenario coa creación de contidos dixitais. En redes sociais, traballou recentemente como xestora de comunidade e creadora de vídeos para proxectos como Canle Abanea (no festival Abalea) e a serie dixital Nómades. Como actriz, participa en compañías como Redrum, Marta Alonso Tejada cía, Determinada Compañía e Pornós Teatro, destacando a súa propia creación, "Ninguén tira fotos nos enterros", premiada pola AELG en 2024 e polo FIOT de Carballo no 2023. No mundo da televisión, foi guionista nos Premios Mestre Mateo 2025 e reporteira e redactora en programas como Hora Galega, A Cabina dos Desexos e Aquí Galicia.

Alba Bermúdez

Actriz

Licénciase en Arte Dramática pola ESAD de Galicia. Acada o Posgrao en Arte, Cultura e Intervención Social a través de Factoriarte e obtén o Mestrado de Artes Escénicas pola URJC de Madrid. Alba é, xunto con Tone Martínez, fundadora da compañía Galeatro. Alén da experiencia adquirida con dita compañía, cómpre destacar os traballos realizados para outras de carácter profesional como son Triatreros ou Contraproducións, compañía referente para o teatro galego e coa que protagoniza a aclamada peza Fillos do Sol, de Cándido Pazó.

Tone Martínez

Actor

É actor licenciado en Arte Dramática na ESAD de Galicia, especializouse na improvisación teatral con mestres como Gustavo Miranda ou Omar Argentino. Funda, xunto con Alba Bermúdez, a compañía Galeatro coa que realiza varios espectáculos dirixidos ao público infantil. Ademais das propias montaxes, destacan os traballos realizados en compañías como Triatreros ou o Centro Dramático Galego onde formou parte do elenco do espectáculo Divinas Palabras Revolution, dirixido por Xesús Ron e A Peste, por Cándido Pazó, así como en NEVER MORE de Chévere. No eido audiovisual, foi actor de reparto en series como Serramoura e Pazo de Familia.

Miguel Canalejo

Actor

É actor licenciatura en Arte Dramática na ESAD de Galicia, diplomatura en Escritura de Guion polo Instituto do Cine de Madrid e Máster en Interpretación ante a Cámara pola Central de Cine. Especialízase en improvisación escénica coas compañías ImproMadrid e MadImprov. Desenvolve paralelamente a súa carreira como actor e creador, traballando en producións como Método criminal, Cuéntame cómo pasó e Serramoura, e creando formatos como Xan (Premio Mestre Mateo 2021 a Mellor SerieWeb) ou Clara Cortés (Premio do público no 2020 Festival de cine de Valencia).

Alba Nogueira

Actriz

É actriz graduada en Interpretación Textual pola ESAD de Galicia e no Máster de Dirección e Xestión de Industrias Culturais e Creativas. Comezou a súa actividade artística formando parte dos musicais de O rei da sábanas e Shrek: o musical. Destacan os seus traballos en Reino da Extinción , da compañía Amorodio Teatro; ACTRIZ, CHORA . micropeza cocreada con Irene Lorenzo en Cacharela Teatro (Premio do Público á Mellor Interpretación no FIOT Carballo); e Arte Sen Guión da compañía Galeatro.

Compaxina a interpretación co seu traballo musical en A Riso, así como outros proxectos culturais no eido da xestión cultural.

Nacho Martín

Músico

Titulado como Técnico Superior en Producción de Audiovisuais, Ra-dio e Espectáculos pola Escola de Imaxe e Son da Coruña. Como músico colaborou con varios proxectos, entre eles destacan Mad Martin Trío e True Mountains, con estes últimos leva catro discos editados en 7 anos, levando súas actuacións a festivais como Re-surrection Fest, Tsunami Fest(Gijón) o Son do camino entre outros e invitados a xiras de grandes bandas como Berri txarrak(Esukadi), Flatliners (Canadá) o La M.O.D.A (burgos) tocando en salas como Sol, La Riviera o Joy Slava (madrid) entre moitas outras. A música composta por el para o espectáculo da compañía Teatro del Andamio "A verdadeira historia da cigarra e a formiga" gañou o Premio á Mellor Música Orixinal no Festival Internacional de Teatro Vilniaus Rampa de Vilnius- Lituania. También é músico e actor no espetáculo de La Quintana Teatro “Desde lo Invisible”, Premio Max ao Espectáculo Revelación- 2008. No que realiza a música e o esparzo sonoro da obra con instrumentos non convencionales, como muletas, globos, rodas e distintos elementos reciclados.

DURACIÓN

120 minutos

IDADE RECOMENDADA

Todos os públicos





CONTACTO

URDIME

+34 619 920 335

+34 698 132 935

ola@urdime.gal



ENLACES

web: www.galeatro.es

Instagram: [@galeatro_cia](https://www.instagram.com/galeatro_cia)

GALEATRO

